

ACTA DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN/HA FUNCIONARIO/A INTERINO/A COMO ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO (FASE DE CONCURSO + FASE DE OPOSICIÓN). SUBSTITUCIÓN POR ILT DE ROSA GARCÍA FERNÁNDEZ (ANIMADORA SOCIOCULTURAL).

Fase de concurso: Tivo lugar o 30 de outubro de 2023 na Casa Consistorial, de 10:00 a 13:00

ASISTENTES.

Presidente: Leopoldo Moure Dopico (Interventor do Concello de Silleda)

Vogais: Soledad Rey Asorey (Animadora Sociocultural do Concello de Silleda)

José Manuel García Blanco (Inspector Xefe da Policía Local do Concello de Silleda)

Anxos García Fidalgo (Psicóloga do CIM do Concello de Silleda)

Secretario: Juan Carlos Peteiro Rodríguez (AEDL do Concello de Silleda)

No lugar e data arriba sinalados, e habendo quorum suficiente para a celebración do acto, realizouse a valoración do concurso de méritos DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN/HA FUNCIONARIO/A INTERINO/A COMO ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO, obténdose as seguintes puntuacións dos méritos presentados polas persoas aspirantes:

PERSOAS ASPIRANTES	PUNTOS FASE CONCURSO
VARELA VAAMONDE NEREA	0
VIZ CALLEJA EREA	1,24
ACOSTA LAMEIRO SABELA	2
CALO POUSO ELENA MARÍA	2
CALVIÑO PEREIRO BRAIS	0,5
CARAMÉS AGRA M ^a JESÚS	2
COLLAZO GÓMEZ CRISTINA	1,74
DÍAZ CASAL ANDREA DUNIA	0
FERNÁNDEZ MEDINA MANEL	0
FIGUEIRAS GONZÁLEZ ANTIA	1,16
GARCÍA GARCÍA ALEJANDRA	0,63
GÓMEZ GONZÁLEZ FRANCISCO JAVIER	0,54
IGLESIAS RECIMIL ANA	0,1
MERA GARCÍA ISABEL	0,86



OTERO VILLAR HELENA

0,11

PAZ FERNÁNDEZ NOELIA

1,6

PENIDE GARCÍA BELÉN

1,3

PÉREZ ÁLVAREZ NEREA

0,75

PERNAS CASTRO SAMUEL

0,16

SEOANE PENA ANDRÉS

1

TABOADA NÚÑEZ MARTA

0,46

Fase de oposición: A proba tivo lugar o día 31 de Outubro de 2023, as 10:30 horas, no Viveiro de Empresas do Concello de Silleda.

No lugar arriba mencionado, procedeuse a realización da fase de oposición para a selección DUN/HA ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL EN RÉXIME DE INTERINIDADE E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.

Procedeuse ao chamamento das persoas aspirantes admitidas:

PERSOAS PRESENTADAS

VARELA VAAMONDE NEREA

VIZ CALLEJA EREA

ACOSTA LAMEIRO SABELA

CALO POUSO ELENA MARÍA

CALVIÑO PEREIRO BRAIS

CARAMÉS AGRA M^a JESÚS

COLLAZO GÓMEZ CRISTINA

DÍAZ CASAL ANDREA DUNIA

FERNÁNDEZ MEDINA MANEL

FIGUEIRAS GONZÁLEZ ANTIA

GARCÍA GARCÍA ALEJANDRA

GÓMEZ GONZÁLEZ FRANCISCO JAVIER

IGLESIAS RECIMIL ANA

OTERO VILLAR HELENA

PAZ FERNÁNDEZ NOELIA

PENIDE GARCÍA BELÉN

PÉREZ ÁLVAREZ NEREA

PERNAS CASTRO SAMUEL

SEOANE PENA ANDRÉS



PERSOAS NON PRESENTADAS: MERA GARCÍA ISABEL

Procedeuse polas persoas aspirantes á realización dun cuestionario de 40 preguntas tipo test (ver anexo I: exame e solucións) sobre as materias do temario contido no anexo das Bases, valorándose con 0.20 puntos por resposta correcta co seguinte resultado:

PERSOAS ASPIRANTES	PUNTOS FASE DE OPOSICIÓN
VARELA VAAMONDE NEREA	4,00
VIZ CALLEJA EREA	6,20
ACOSTA LAMEIRO SABELA	4,40
CALO POUSO ELENA MARÍA	5,40
CALVIÑO PEREIRO BRAIS	4,20
CARAMÉS AGRA M ^a JESÚS	4,40
COLLAZO GÓMEZ CRISTINA	5,00
DÍAZ CASAL ANDREA DUNIA	5,60
FERNÁNDEZ MEDINA MANEL	5,20
FIGUEIRAS GONZÁLEZ ANTIA	4,80
GARCÍA GARCÍA ALEJANDRA	5,60
GÓMEZ GONZÁLEZ FRANCISCO JAVIER	4,60
IGLESIAS RECIMIL ANA	4,40
OTERO VILLAR HELENA	6,20
PAZ FERNÁNDEZ NOELIA	5,00
PENIDE GARCÍA BELÉN	4,80
PÉREZ ÁLVAREZ NEREA	3,40
PERNAS CASTRO SAMUEL	4,20
SEOANE PENA ANDRÉS	8,00
TABOADA NÚÑEZ MARTA	4,00

Unha vez realizada a valoración da proba teórica (Fase de Oposición), as persoas aspirantes obteñen a seguinte puntuación total (Fase de concurso + fase de oposición):



PERSOAS ASPIRANTES

	Puntuación Total (Fase de concurso + fase de oposición)
VARELA VAAMONDE NEREA	4,00
VIZ CALLEJA EREA	7,44
ACOSTA LAMEIRO SABELA	6,40
CALO POUZO ELENA MARÍA	7,40
CALVIÑO PEREIRO BRAIS	4,70
CARAMÉS AGRA M ^a JESÚS	6,40
COLLAZO GÓMEZ CRISTINA	6,74
DÍAZ CASAL ANDREA DUNIA	5,60
FERNÁNDEZ MEDINA MANEL	5,20
FIGUEIRAS GONZÁLEZ ANTIA	5,96
GARCÍA GARCÍA ALEJANDRA	6,23
GÓMEZ GONZÁLEZ FRANCISCO JAVIER	5,14
IGLESIAS RECIMIL ANA	4,50
OTERO VILLAR HELENA	6,32
PAZ FERNÁNDEZ NOELIA	6,60
PENIDE GARCÍA BELÉN	6,10
PÉREZ ÁLVAREZ NEREA	4,15
PERNAS CASTRO SAMUEL	4,36
SEOANE PENA ANDRÉS	9,00
TABOADA NÚÑEZ MARTA	4,46

Contra a baremación do Tribunal, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación, no prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste resultado final, fase de concurso e fase de oposición, no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Silleda.

Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, no seu caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada persoa aspirante, o Tribunal procederá á publicación na sede electrónica <http://silleda.sedelectronica.gal>, na páxina web do Concello de Silleda, e no Taboleiro de Edictos da baremación definitiva do procedemento selectivo.

Establecese a data para o exame de galego, para as persoas aspirantes que non acreditaron estar en posesión do CELGA 4, o **día 7 de novembro ás 10:00 nas oficinas localizadas na rúa Alfonso Trabazo 3 entrecrán.**



E non habendo mais asuntos que tratar, sendo as 12,00 horas do día 2 de novembro de 2023, polo Sr. Presidente levántase a sesión, de todo o cal, eu Secretario, Certifico.

O PRESIDENTE

OS VOGAIS

Asdo. Leopoldo Moure Dopico

Soledad Rey Asorey

José Manuel García Blanco

Anxos García Fidalgo

O SECRETARIO

Juan Carlos Peteiro Rodríguez

ANEXO I
EXAME E SOLUCIÓN



PREGUNTAS

1.- Como se estrutura a Constitución Española de 1978?, sinala a resposta correcta:

- a) Un preámbulo. 169 artigos divididos en 11 títulos, catro disposicións adicionais, nove transitorias, unha derogatoria e unha final.
- b) Un preámbulo. 179 artigos divididos en 11 títulos, catro disposicións adicionais, nove transitorias, unha derogatoria e unha final.
- c) Un preámbulo. 169 artigos divididos en 12 títulos catro disposicións adicionais nove transitorias unha derogatoria e unha final.
- d) Un preámbulo. 179 artigos divididos en 11 títulos, seis disposicións adicionais, nove transitorias, unha derogatoria e unha final.

2.- Cal é a estrutura do Estatuto de Autonomía de Galicia?, sinala a resposta correcta

- a) 47 artigos, 1 título preliminar, 5 títulos, 4 disposicións adicionais e 7 transitorias
- b) 57 artigos, 1 título preliminar, 5 títulos, 4 disposicións adicionais e 7 transitorias
- c) 67 artigos, 1 título preliminar, 5 títulos, 4 disposicións adicionais e 7 transitorias
- d) Ningunha é correcta

3.- Segundo o artigo 9 do Estatuto de Autonomía de Galicia, sinala a resposta correcta

- a) Os poderes da Comunidade Autónoma exércense a través do Parlamento, da Xunta e do seu Presidente.
- b) Os poderes da Comunidade Autónoma exércense a través do Parlamento e da Xunta.
- c) Os poderes da Comunidade Autónoma exércense a través da Xunta e do seu presidente.
- d) Os poderes da Comunidade Autónoma exércense a través do Presidente e dos Conselleiros da Xunta

4. Segundo o artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, teñen a condición de interesados no procedemento administrativo, sinala a resposta correcta.



- a) Quen o promovan como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
- b) Os que, sen iniciar o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que no mesmo se adopte.
- c) As asociacións e organizacións representativas de intereses individuais.
- d) As respostas a) e b) son correctas.

5.- Segundo o artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas serán motivados, con sucinta referencia de feitos e fundamentos de dereito. Sinale a resposta correcta

- a) Os actos que limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos.
- b) Os actos que non se separen do criterio seguido en actuacións precedentes ou do ditame de órganos consultivos.
- c) Os actos que admitan as probas propostas polos interesados.
- d) Os acordos da non aplicación da tramitación de urxencia, de redución de prazos e de realización de actuacións complementarias.

6.- Segundo o artigo 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, a organización municipal responde ás seguintes regras. Sinale a resposta correcta:

- a) A Xunta de Goberno Local existe en todos os municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu concello.
- b) O Alcalde, os Tenentes de Alcalde e o Pleno non existen en todos os concellos.
- c) A Comisión Especial de Seguridade existe en todos os municipios, de acordo coa estrutura prevista no artigo 116.
- d) As respostas a e c son correctas



7.- Segundo o artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias. Sinale a resposta correcta

- a) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.
- b) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.
- c) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- d) As respostas a), b) e c) son correctas.

8.- Segundo o artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, a aprobación das Ordenanzas locais axustarase ao seguinte procedemento. Sinale a resposta incorrecta:

- a) Aprobación inicial polo Pleno.
- b) Información pública polo prazo mínimo de vinte días para a presentación de reclamacións e suxestións.
- c) Resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro do prazo e aprobación definitiva polo Pleno.
- d) No caso de que non se presentara ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

9.- Segundo o artigo 14 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, os empregados públicos teñen os seguintes dereitos de carácter individual en correspondencia coa natureza xurídica da súa relación de servizo. Sinale a resposta incorrecta:

- a) A percibir as retribucións e as indemnizacións por razón do servizo.
- b) A participar na consecución dos obxectivos atribuídos á unidade onde preste os seus servizos e a ser informado polos seus superiores das tarefas para desenvolver.
- c) Á adopción de medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.



d) Os funcionarios interinos terán dereito á promoción profesional.

10.- Segundo o artigo 25 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de mocidade de Galicia, o desenvolvemento de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil requirirá. Sinale a resposta correcta:

a) A presentación previa dunha declaración responsable, nos supostos e termos previstos regulamentariamente.

b) Dispoñer dun seguro de responsabilidade civil. As características do seguro serán desenvoltas regulamentariamente.

c) As respostas a) e b) son correctas

d) Ningunha resposta é correcta

11.- Segundo o artigo 34 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de mocidade de Galicia, no marco dos principios contemplados no artigo 2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e de conformidade co establecido na lexislación de Galicia en materia de réxime local as entidades da Administración local poderán asumir as seguintes competencias en materia de mocidade. Sinale a resposta correcta:

a) A creación, mantemento e xestión das actividades, servizos e equipamentos dirixidos á mocidade que se estimasen necesarios para garantir unha política integral de mocidade.

b) A xestión e localización das oficinas e puntos de información para a mocidade, que se integrarán na Rede Galega de Información Xuvenil.

c) A colaboración e cooperación co asociacionismo xuvenil como leito de participación en todas as ordes da vida municipal.

d) Todas as respostas anteriores son correctas

12.- No proceso de intervención comunitaria, os tres protagonistas segundo Marchioni son. Sinale a resposta correcta:

a) O territorio, a poboación e os colectivos

b) O territorio, a poboación e as demandas

c) A infancia, a mocidade e as persoas maiores



d) As Administracións, os recursos técnicos e profesionais e a poboación

13.- Que técnica grupal consiste nas exposicións sucesivas de especialistas que teñen diferentes puntos de vista acerca dun mesmo tema ou problema. Pode ou non ser seguida de discusión e intervén un moderador. Sinale a resposta correcta

a) Panel, debate público ou discusión en panel.

b) Mesa Redonda

c) Foro

c) Todas as respostas anteriores son incorrectas

14.- Que ben patrimonial e cultural situado no Concello de Silleda está declarado como Ben de Interese Cultural?. Sinale a resposta correcta

a) Grabado rupestre castro Primadorna

b) Mosteiro de Carboeiro

c) Castelo Torre de Cira

d) Todas as respostas anteriores son correctas

15.- Cales das seguintes parroquias forman parte do Concello de Silleda?. Sinale a resposta correcta.

a) Cira, Manduas, Breixa, Cortegada, Codeseda, Laro, Refoxos, Cervaña, Moalde, Oleiros.

b) Cira, Manduas, Breixa, Cortegada, Arca, Laro, Refoxos, Cervaña, Moalde, Oleiros.

c) Cira, Manduas, Breixa, Cortegada, Taboada, Laro, Refoxos, Cervaña, Moalde, Oleiros.

d) Cira, Manduas, Breixa, Cortegada, Carbia, Laro, Refoxos, Cervaña, Moalde, Oleiros.

16.- Cal é un dos alicerces principais sobre os que se erixen os programas de animación

sociocultural (ASC) segundo Merino?. Sinale a resposta correcta:



- a) Unha colaboración dinámica da persoa e unha forma de dirixir activa e transformadora.
- b) A xeración de grupos e procesos de grupo operativos para participar autónoma e responsablemente na acción social.
- c) A xeración do individualismo e procesos de grupos para participar, e a representatividade.
- d) Os procesos de cooperación dirixidos á intervención e unha condición dinámica da persoa.

17.- O principal obxectivo das dinámicas na animación sociocultural é?. Sinale a resposta correcta

- a) Coñecer as características sociais e culturais dos/as participantes da actividade.
- b) Planificar, con estratexias de carácter lúdico, o día a día dos campamentos.
- c) Promover prácticas e actividades voluntarias coa participación activa das persoas que forman parte dun grupo ou unha comunidade determinada, conseguir un óptimo desenvolvemento da calidade de vida.
- d) Ningua das anteriores é correcta

18.- Segundo Jeffrey Thomas DeGraff existen diferentes tipos de creatividade. Sinale a resposta correcta

- a) Creatividade comparativa: imaxina un concepto ou idea que existe, e adáptaa aos funcións do contexto no que se desenvolverá.
- b) Creatividade histórica: comparar ideas iguais para formular un concepto novo.
- c) Creatividade intuitiva: refírese á creatividade que xorde e desenvólvese na mente da persoa sen a axuda de ningún estimulante exterior. É dicir, é a creación propia do autor/a.
- d) Todas as respostas anteriores son incorrectas



19.- O Auditorio Municipal Manuel Dopazo localízase nunha das seguintes parroquias. Sinale a resposta correcta

- a) Bandeira
- b) Abades
- c) Manduas
- d) Silleda

20.- O Concello de Silleda conta con numerosas igrexas románicas construídas entres os séculos XI e XIII, sinale en que parroquias podemos atopar estas edificacións:

- a) Ansemil, Cira, Escuadro, Fiestras, O Castro e Taboada
- b) Ansemil, Dornelas, Escuadro, Fiestras, O Castro e Taboada.
- c) Ansemil, Cira, Escuadro, Codeseda, O Castro e Taboada.
- d) Ansemil, Pazos, Escuadro, Fiestras, O Castro e Taboada

21.- A través das redes sociais, a cidadanía pode establecer unha comunicación directa coa Administración permitindo un nivel de interacción e de resposta alto, das seguintes características de uso das redes sociais, sinale a resposta correcta

- a) Inmediatez das novidades e creación de contido atractivo
- b) Bilateralidade na comunicación e axuda á construción de imaxe
- c) As respostas a) e b) son correctas
- d) As respostas a) e b) son incorrectas

22.- Que festas gastronómicas do Concello de Silleda están declaradas de Interese Turístico de Galicia?. Sinale a resposta correcta

- a) Romaría da Tortilla de Laro
- b) Festa da Empanada de Bandeira
- c) As respostas a) e b) son correctas
- d) Festa da paella de Cortegada



23.- Cal é o fin último da Animación Sociocultural no ámbito municipal?. Sinala a resposta correcta

- a) Implicar a todos os axentes sociais na comunidade
- b) A transmisión dunha visión lúdica da cultura
- c) A autoorganización social na procura da transformación e mellora das condicións de vida e humanización.
- d) Fortalecer o asociacionismo e o tecido cultural.

24.- Que se precisa para que unha actividade ou unha situación poidan clasificarse como lecer. Sinala a resposta correcta

- a) Ten que existir dispoñibilidade de Tempo Libre e unha actitude persoal
- b) Ten que existir esforzo persoal e grupo de apoio
- c) Teñen que existir asociacións dinamizadoras e interese individual
- d) Todas as respostas anteriores son falsas.

25.- En que consiste o programa INICIATIVA XOVE?. Sinala a resposta correcta.

- a) É un programa da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado que consiste nunha liña de axudas pensada para que os mozos e mozas, poidan desenvolver ideas que, transformadas en proxectos e iniciativas de interese, poidan reverter na mocidade actual e na nosa sociedade.
- b) É un programa da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado que consiste na formación de mozos e mozas en materia de emprego
- c) É un programa da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado que consiste nunha liña de axudas para que os mozos e mozas poidan viaxar polo territorio europeo.
- d) Todas son incorrectas.

26.- A quen vai dirixido o Programa XUVENTUDE CREA da Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia?. Sinala a resposta correcta

- a) Mozos ou mozas galegos/as ou residentes en Galicia, non profesionais, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos de idade cumpridos no ano de cada convocatoria, agás o establecido na parte específica de cada especialidade.



b) Mozos ou mozas galegos/as ou residentes en Galicia, profesionais, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos de idade cumpridos no ano de cada convocatoria, agás o establecido na parte específica de cada especialidade.

c) Mozos ou mozas galegos/as ou residentes en Galicia, non profesionais, con idades comprendidas entre os 18 e os 25 anos de idade cumpridos no ano de cada convocatoria, agás o establecido na parte específica de cada especialidade.

d) Mozos ou mozas galegos/as ou residentes en Galicia, profesionais, con idades comprendidas entre os 18 e os 25 anos de idade cumpridos no ano de cada convocatoria, agás o establecido na parte específica de cada especialidade.

27.- Os contidos transversais son temas de ensino e de aprendizaxe que non fan referencia, directa ou exclusiva, a ningunha área curricular concreta, nin a ningunha idade ou etapa educativa en particular, senón que afectan a todas as áreas e que deben ser desenvolto ao longo de todo o proceso de aprendizaxe. Cales dos seguintes son eixos transversais?. Sinala a resposta incorrecta:

- A) Educación emocional e valores
- b) Educación para a saúde (incluída a saúde sexual)
- c) Fomento da creatividade e do espírito científico
- d) Educación e comprensión numérica

28.- Como se denomina o programa da Xunta de Galicia que pretende promover os valores da cultura solidaria e a adquisición de competencias fundamentais para o alumnado a través de proxectos de acción voluntaria cun impacto directo no seu ámbito de actuación e na dinámica educativa do centro, promovendo unha cultura colaborativa no eido da solidariedade e do voluntariado que implique a toda a comunidade educativa, e que estea adaptado nas diferentes actuacións ao ciclo educativo do alumnado de educación primaria. Sinala a resposta correcta:

- a) Voluntariado miúdo: En Acción
- b) Voluntariado miúdo: Móvete!
- c) Voluntariado miúdo: Camiñando
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

29.- Os xogos cooperativos na infancia son aqueles nos que os/as xogadores/as non compiten entre sí. En cambio, teñen un obxectivo común para gañar ou perder xuntos. A diversión provén da camaradería e o desafío do xogo, non de ser o único/a xogador/a (ou



equipo) que quede en pé cando todos os demais son eliminados. Con este tipo de xogo obteñense os seguintes beneficios. Sinale a resposta correcta:

- a) Inculca as habilidades de escoita.
- b) Fomenta a empatía (porque cando os menos/as establecen as regras para a súa sesión de xogo, teñen que pensar no que é xusto para todos e como as súas accións poden afectar aos demais).
- c) As respostas a) e b) son incorrectas
- d) As respostas a) e b) son correctas

30.- Para abordar o deseño e posta en marcha da avaliación dun proxecto cultural podemos utilizar a “técnica das nove cuestións”, as respostas dadas a estas cuestións permiten?. Sinale a resposta correcta.

- a) Anticipar o contido e o sentido da avaliación a realizar
- b) Diseñar e planificar as accións a implementar
- c) Xestionar o desenvolvemento do proxecto
- d) Todas as respostas son correctas

31.- Desde o Concello de Silleda promovéronse actividades socioculturais para distintos colectivos, a través dalgún dos seguintes Programas. Sinale a resposta correcta

- a) Silleda Activa
- b) Anduriña
- c) Silleda Solidaria
- d) Todas as respostas son correctas

32.- O Concello de Silleda programa ao longo do ano, para os centros sociais dos maiores, actividades demandadas pola veciñanza. Sinale a resposta incorrecta:

- a) Musicoterapia
- b) Ximnasia de mantemento
- c) Condución segura



33.- Por que é histórica para Silleda a data do 3 de marzo de 1809?. Sinale a resposta correcta

- a) Reuníronse os abades de trinta e tres parroquias de Trasdeza con moitos veciños para empuñar as armas contra os franceses en defensa da Relixión, a Patria e o Rey.
- b) Reuníronse os abades de dezaioito parroquias de Trasdeza con moitos veciños para empuñar as armas contra os franceses en defensa da Relixión, a Patria e o Rey.
- c) Reuníronse os priores de vinte parroquias de Trasdeza con moitos veciños para empuñar as armas contra os franceses en defensa da Relixión, a Patria e o Rey.
- d) Reuníronse os abades de Cira, Piñeiro, Moalde e Bandeira, con moitos veciños para empuñar as armas contra os franceses en defensa da Relixión, a Patria e o Rey.

34.- O Concello de Silleda conta no seu termo municipal con pazos construídos fundamentalmente nos S. XVII e XVIII, en pleno auxe do barroco. Sinale a resposta correcta.

- a) Pazo de Cascaxide, Pazo de Trasfontao, Pazo de Sestelo, Pazo de A Viña
- b) Pazo de Cascaxide, Pazo de Trasfontao, Pazo de Sestelo, Pazo de Paizás
- c) Pazo de Cascaxide, Pazo de Trasfontao, Pazo de Medelo, Pazo de A Viña
- d) Ningunha resposta é correcta

35.- Cales das seguintes respostas se pode considerar como técnicas de dinámicas de grupo?. Sinale a resposta correcta.

- a) Phillips 66
- b) Xogo de rol
- c) Choiva de ideas (brainstorming)
- d) Todas as respostas anteriores son correctas

36.- Indica cal das seguintes respostas está considerada como tema de transversalidade. Sinale a resposta correcta.



a) A educación moral e cívica

b) Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos

c) Educación ambiental

d) Todas as respostas anteriores son correctas

37.- Segundo o artigo 26 da Lei 6/2012 de 19 de xuño da Mocidade de Galicia, cando participen menores de idade nas actividades, requirirase. Sinala a resposta correcta

a) que contén cunha autorización por escrito da persoa ou das persoas que exerzan a súa patria potestade ou tutela.

b) que contén cunha autorización por escrito ou verbal da persoa ou das persoas que exerzan a súa patria potestade ou tutela

c) que contén cunha autorización por escrito da persoa ou das persoas que exerzan a súa custodia.

d) que contén cun consentimento por escrito da persoa ou das persoas que exerzan a súa patria potestade ou tutela

38.- En que parroquia do Concello de Silleda existe unha praza pública denominada Praza de Outeiro. Sinala a resposta correcta

a) Bandeira

C) Manduas

c) Silleda

d) Ningunha das anteriores

39.- Manter á cidadanía ao corrente da oferta sociocultural é un dos obxectivos da Administración Local, que medios para a súa difusión son os utilizados polo Concello de Silleda. Sinala a resposta correcta

a) Prensa escrita e carteis

b) Redes Sociais



d) Todas as respostas anteriores son correctas

40.- A vila de Silleda é desde mediados do século XIX, a capital do Concello de Silleda. antes a capital do concello estivo en Chapa, ou no Foxo de Deza, indique desde que ano é capital do municipio a vila de Silleda. Sinale a resposta correcta.

a) 1863

b) 1853

c) 1873

d) Ningunha das resposta anteriores é correcta

PREGUNTAS DE RESERVA:

1. Segundo o artigo 58 Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os procedementos iniciaranse. Sinale a resposta correcta.

a) De oficio

b) Por acordo do órgano competente, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior.

c) A petición razoada doutros órganos, ou por denuncia.

d) Todas as respostas anteriores son correctas

2.- Segundo o artigo 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, corresponde a Xunta de Goberno local. Sinale a resposta correcta.

a) A asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións.

b) As atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle delegue ou llo atribúan as leis

c) A asistencia ao Tenente de Alcalde ou persoa en quen delegue

d) As respostas a) e b) son correctas



3.-Segundo o artigo 94 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a potestade disciplinaria exercerase de acordo cos seguintes principios. Sinala a resposta incorrecta.

- a) Principio de proporcionalidade, aplicable tanto á clasificación das infraccións e sancións como á súa aplicación.
- b) Principio de culpabilidade.
- c) Principio de retroactividade das disposicións sancionadoras
- d) Principio de presunción de inocencia.

SOLUCIÓNS FASE OPOSICIÓN: SELECCIÓN DUN/HA ANIMADOR/A SOCIOCULTURAL EN RÉXIME DE INTERINIDADE E CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.

1	A	21	C
2	B	22	C
3	A	23	C
4	D	24	A
5	A	25	A
6	A	26	A
7	D	27	D
8	B	28	B
9	D	29	D
10	C	30	D
11	A	31	D
12	D	32	C
13	B	33	B
14	D	34	A
15	C	35	D
16	B	36	D
17	C	37	A
18	C	38	C
19	C	39	D
20	B	40	B
Preguntas reserva			
1	D		
2	D		
3	C		

